

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á UNIDADE DOCENTE DE ENFERMARÍA OBSTÉTRICO –XINECOLÓXICA (MATRONA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido, tendo efectos dende o día da súa firma e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para garantir o desenvolvemento do programa de formación da especialidade de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), de conformidade co establecido pola Orde SAS/1349/2009, do 6 de maio, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), e a coordinación do funcionamento da Unidade Docente de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica da Comunidade Autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde, e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando tradicionalmente no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde.

Que a unidade docente adaptouse ao disposto no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde, no Real decreto

1146/2006, de 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

Que unha vez detectadas as necesidades sanitarias da Comunidade Autónoma, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela subscribiron con data 1 de xullo de 1994 un convenio de cooperación para a constitución dunha unidade docente acreditada para a formación de especialistas en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matronas), coa conseguinte habilitación para o exercicio profesional. A través deste convenio o Servizo Galego de Saúde comprometéase a garantir a dispoñibilidade dos servizos das Institucións Sanitarias de Atención Especializada e Atención Primaria relacionadas no seu anexo para a formación práctica da especialidade, e a Universidade de Santiago comprometéase a garantir a formación teórica da especialidade e asumía a coordinación da Unidade Docente, en atención ao interese compartido no desenvolvemento daquela formación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.